



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULDADE DE FILOLOXÍA

GRAO EN GALEGO E PORTUGUÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS

**A SITUACIÓN ACTUAL DO GALEGO NA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA. ESTUDO CUANTITATIVO**

Autora: Laura Botana Sanjurjo

Director: Xosé Ramón Freixeiro Mato

Ano 2014

Índice:

0. Resumo.....	4
1. Introducción.....	5
1.1. Obxectivos.....	5
1.2. Metodoloxía.....	6
2. O marco normativo do galego.....	7
2.1. Nivel internacional.....	7
2.2. Nivel europeo.....	8
2.3. Nivel estatal.....	8
2.4. Nivel galego.....	8
2.5. Universidade da Coruña.....	9
2.5.1. Regulamento de usos da lingua galega.....	9
2.5.2. Plano de Normalización Lingüística.....	12
2.5.3. Outras disposicións.....	14
3. Análise da presenza do galego na docencia universitaria.....	15
3.1. Elaboración e realización dos inquéritos.....	16
3.2. Análise dos resultados.....	16
3.2.1. Lingua habitual do alumnado.....	16
3.2.2. Lingua da docencia.....	18
3.2.3. Lingua empregada polo alumnado para se dirixir ao profesor/a.....	19
3.2.4. Lingua do profesorado cando se lle pregunta en galego.....	20
3.2.5. Lingua do alumnado para falar cos/as compañeiros/as.....	22
3.2.6. Preferencia do alumnado pola docencia en galego.....	23
4. Comparativa con outros estudos realizados sobre a presenza do galego na UDC.....	24
5. Algunhas relexións sobre o galego na vida universitaria.....	32

6. Conclusiones.....	36
7. Bibliografía.....	38
8. Anexos.....	41
8.1. Enquisa.....	41
8.2. Gráficas.....	43

0. Resumo

O presente traballo tivo como obxectivo analizar a situación do galego na Universidade da Coruña. En primeiro lugar procedeuse a verificar o seu marco normativo, onde destaca o “Regulamento de usos da lingua galega” do ano 2004 e o *Plano de Normalización Lingüística* do 2007. Alén disto, o galego é declarado a lingua oficial da UDC nos seus estatutos, tamén do ano 2004. Os dous primeiros documentos velan polo uso e pola promoción do galego neste ámbito e neles tamén se recolle a situación de secundarización que está a sufrir na actualidade en favor do castelán.

A seguir, e mediante a realización duns inquéritos a alumnado de diferentes facultades da UDC, vemos como a presenza do galego na docencia é moi escasa, con aproximadamente o 10% das materias impartidas nesta lingua. Mais tamén se observa como o uso desta lingua por parte do alumnado é baixo, xa que menos do 20% declara que esta é a súa lingua habitual. Por tanto, os datos son preocupantes con respecto á utilización do galego polos distintos sectores que compoñen a institución.

Por último puxéronse en contraste estes datos cos doutros artigos ou estudos que trataron este tema. Dentro deles, o máis importante foi o de Álvarez Sousa do ano 2005, que chegou a conclusións moi semellantes ás deste traballo. Este autor tamén observou un claro desequilibrio no uso do galego dentro da UDC, onde o alumnado era o sector que máis o utilizaba.

O cal nos permitiu chegar á conclusión de que o galego se atopa nunha situación difícil dentro da UDC posto que o seu uso é bastante escaso, sobre todo na docencia e na investigación. Para solucionar isto é necesario que dita lingua acade a plena normalización, algo que depende da propia institución.

1. Introducción

O galego é a lingua propia de Galiza e oficial xunto co castelán neste territorio. Tamén é a lingua propia da Universidade da Coruña e das outras dúas universidades galegas, como ben amosan os seus respectivos estatutos.

Mais na vida diaria, e especialmente no ámbito universitario, está a se producir un fenómeno de desgaleguización que vén provocado polos feitos históricos que caracterizaron esta comunidade autónoma. No pasado esta lingua sufriu moitos procesos de retroceso, por exemplo nos Séculos Escuros ou durante o franquismo, e aínda que se recuperaron moitos ámbitos de uso, non se chegou á plena normalidade. Deste xeito e por motivos diferentes hoxe en día en Galiza segue a haber un forte desequilibrio entre ambas as linguas. O galego continúa a estar nunha situación precaria porque o seu uso en moitos ámbitos aínda é secundario e o castelán continúa sendo a lingua de prestixio. Un deles é o da universidade, en que nos centraremos neste traballo.

A universidade hoxe en día é un dos axentes máis importantes de desgaleguización cando a súa función debe ser todo o contrario. Desde este ámbito a promoción e o uso do galego debe ser obrigatorio e, aínda que as súas normativas así o indican, na práctica isto non é levado a cabo. Todo o contrario ocorre co caso do éuscaro ou do catalán, onde a universidade actuou como un axente para normalizar a lingua propia.

O galego debe ser visto como marca de prestixio e para isto é necesaria a súa promoción e normalización, algo do que se debe de encargarse en grande medida a universidade posto que é a que está a formar para o futuro.

1.1. Obxectivos

O presente traballo ten como obxectivo principal coñecer a situación da lingua galega na Universidade da Coruña desde diferentes perspectivas. Así, en primeiro lugar, analizaremos a

cuestión normativa desde a perspectiva legal, desde o ámbito do estudantado, do persoal docente e investigador, do persoal administrativo e de servizos ou desde o ámbito das relacións da UDC coa sociedade.

En segundo lugar, analizaremos a presenza da lingua galega na docencia, tanto por parte do profesorado como do alumnado, así como algunhas actitudes deste último grupo. E, por último, este traballo tamén se propón confrontar e estudar os diferentes traballos que se realizaron en relación a isto.

Así, tentaremos mostrar unha perspectiva xeral da situación do galego na Universidade da Coruña na actualidade.

1.2. Metodoloxía

Para o primeiro punto do traballo, a cuestión normativa, analizamos a situación legal da lingua a nivel internacional, europeo, estatal e dentro da propia comunidade autónoma, facendo referencia ás leis e textos máis destacados dentro de cada un. A seguir centrámonos xa na regulamentación da propia Universidade da Coruña (Estatutos, Regulamento de usos da lingua galega e Plano de Normalización Lingüística).

Para analizarmos a presenza da lingua galega na docencia levamos a cabo unha análise cuantitativa mediante unha serie de enquisas realizadas a 108 alumnos/as de tres ámbitos científicos e centros diferentes: Fisioterapia, Camiños e Dereito. Os inquéritos foron entregados e recollidos nas aulas coa colaboración do profesorado.

Como xa dixemos a técnica utilizada é a cuantitativa que consiste en buscar feitos ou causas dun fenómeno, podendo ser números ou estatísticas. Estas, normalmente, teñen unha connotación positiva, dedutiva. Estes métodos cuantitativos consisten en información estruturada, estandarizada e inclúe enquisas, entrevistas cerradas e examinacións. Neste traballo a técnica cuantitativa que utilizamos é a enquisa, que consiste nunha investigación

realizada sobre unha mostra de suxeitos, representativa dun colectivo máis amplo. Como ben recolle Iglesias Álvarez (2002: 10) esta é a técnica máis utilizada nas investigacións galegas. Un exemplo son as realizadas polo Seminario de Sociolingüística de Galicia. O último punto de análise é o dedicado ao estudo dalgunhas reflexións sobre a cuestión do galego na UDC. Así, os traballos escollidos son: a obra de Álvarez Sousa *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*, o da profesora Alba Nogueira López *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*; un documento interno do SNL da UDC, “Informe sobre a lingua de redacción das guías docentes e a lingua de impartición das aulas na Universidade da Coruña. Curso académico 2013-14” e, por último, unha escolma de artigos incluídos nas actas das *V Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e docencia universitaria*.

2. O marco normativo do galego

Baixo esta epígrafe trataremos a situación legal da lingua galega, patrimonio social e cultural que debemos protexer, dentro do sistema educativo e, en concreto, dentro da institución da Universidade da Coruña. Para isto daremos unhas breves nocións do panorama a nivel internacional e centrarémonos máis a fondo xa nas leis da propia UDC, as cales facilitaron pequenos avances do galego na docencia, aínda que o castelán continúa a ser o instrumento case exclusivo.

2.1. Nivel internacional

A nivel internacional existen unha serie de regulamentos e recomendacións que foron aprobados para pór en valor a pluralidade lingüística e a diversidade cultural como valores fundamentais. Así, neste plano destaca a *Declaración universal dos dereitos humanos*, aprobada en 1948 pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas, que establece que ningunha

persoa pode ser discriminada, entre outras causas, por cuestións lingüísticas.

2.2. Nivel europeo

Neste contexto destaca un texto que foi consensuado en Estrasburgo no ano 1992 e ratificado pola Estado español no 2000, a *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*. Deste documento é importante o feito de considerar un dereito imprescindible o de practicar unha lingua rexional ou minoritaria, tanto na vida pública como na privada. Porén, a terminoloxía que utiliza é pouco adecuada para o caso do galego.

2.3. Nivel estatal

O primeiro que debemos mencionar neste nivel é a Constitución española de 1978, a cal establece no seu artigo 3 que o castelán é a lingua oficial do Estado (3.1). Mais, no punto 3.2 reconece que o resto de linguas serán oficiais segundo se sinalar nos respectivos estatutos de autonomía.

2.4. Nivel galego

A nivel da comunidade autónoma, o primeiro documento a destacar é o Estatuto de Autonomía de 1981. Este no seu artigo 5 expón que o galego é a lingua propia de Galiza (3.1) e que será oficial xunto co castelán en toda a comunidade (5.2); ademais, establece que os poderes políticos deben garantir o uso normal e oficial de ambas as linguas e que deberán potenciar o emprego do galego en todos os planos sociais (5.3). No seu artigo 4.1 tamén recolle que o galego é a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

No ano 1983 foi aprobada pola Parlamento galego a *Lei de normalización lingüística* que tiña como obxectivo fomentar e difundir o emprego do galego. Así, no artigo 12 establece

que o galego será a lingua oficial do ensino en todos os niveis educativos. No referente ao ensino universitario, garante o dereito de uso de calquera das linguas oficiais (15.1), así como pondera o emprego da nosa lingua, coas medidas oportunas para a súa normalización (15.2).

Tamén foi aprobado polo Parlamento galego o *Plan xeral de normalización da lingua galega* o 22 de setembro de 2004. Nel, despois dunha presentación xeral sobre o camiño avanzado tras a aprobación da *Lei de normalización lingüística* e da diagnose da situación do galego na actualidade, recolle unha serie de medidas en todos os planos da vida pública.

2.5. Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña establece no artigo 5.2 do seus Estatutos, aprobados en 2004, que a súa lingua propia é o galego. Alén disto, subliña que se fomentará o seu uso en todas as actividades. Para levar isto a cabo a UDC foi elaborando unha serie de disposicións como as seguintes:

2.5.1. Regulamento de usos da lingua galega

Existe tamén un “Regulamento de usos da lingua galega” (http://www.udc.es/normativa/xeral/regulamento_usos_lingua_galega.html) que foi aprobado en xullo dese mesmo ano. Nel aparece un preámbulo onde se recolle a preocupante situación que está a atravesar o galego dentro da UDC, motivo polo que existe unha actitude positiva desta comunidade ante todo aquilo que axude á súa normalización, como é o caso deste regulamento. Así, como institución pública, a Universidade da Coruña, asume a responsabilidade de contribuír para este fin, o da normalización do galego. Este debe ser presentado como unha riqueza, para así acadar o recoñecemento internacional que lle corresponde. Mais para isto a universidade debe traballar para que exista correspondencia entre uso e coñecemento, o cal, como se mostrou nos diferentes estudos, non acontece ao

existiren niveis altos de coñecemento mais escaso uso do galego como lingua habitual.

Canto aos usos lingüísticos internos, este regulamento recolle que deben realizarse en galego. No referente aos externos, as comunicacións formais interuniversitarias e con institucións públicas e privadas de Galiza faranse na lingua propia, o galego. As comunicacións formais con destino a entidades de fóra da nosa Comunidade Autónoma faranse en galego se a institución receptora tiver a dita lingua recoñecida como lingua oficial de traballo. No caso de que o galego non for oficial e si o for o castelán, a opción escollida debe ser a versión bilingüe. Se o documento tiver unha parte impresa, o corpo fixo será nesta escolla e a parte a cubrir en castelán. Por último, se a institución receptora nin tiver o galego nin o castelán como oficiais, tamén se deberá realizar unha versión bilingüe en galego e na outra lingua oficial de traballo desa institución. Os estudos, proxectos e traballos análogos que a Universidade da Coruña encargan a terceiros no dominio lingüístico galego entregaranse en galego, agás que se esixa a redacción noutra lingua.

Nos actos académicos e nos actos públicos que se fagan en territorio lingüístico galego, as persoas que representen a Universidade da Coruña deberán utilizar o galego. Ademais neste regulamento do ano 2004 recóllese que nos rexistros administrativos da UDC os asentamentos se farán na nosa lingua, polo que os expedientes académicos do alumnado, o nome das materias, as cualificacións e o resto de información deberá ir neste idioma, así como a expedición de certificados. Neste último caso e por pedimento expreso das persoas interesadas facilitarase versión bilingüe ou castelá.

As disposicións da Universidade da Coruña publicaranse segundo os criterios establecidos anteriormente sobre o uso interno e externo da lingua galega. Canto ás publicacións informativas (guías de estudantes, carteis, convocatorias de cursos, congresos, simposios...) redactaranse en galego, excepto as que foren destinadas á promoción exterior, que se poderán realizar noutro idioma. O mesmo acontece con calquera tipo de publicidade

que sexa emitida por esta institución.

O regulamento de usos fai tamén referencia ao Persoal de Administración e Servizos. Así, di que se deben tomar as medidas necesarias para que en cada unidade administrativa ou de servizos, o persoal que estiver de cara ao público, teña os coñecementos de galego necesarios tanto orais como escritos para garantir o dereito da escolla de lingua de relación coa Administración. Estes órganos de goberno tamén establecerán o nivel de coñecemento da lingua galega axeitado e esixible para cada posto de traballo.

Os contratos de prestación de servizos, como cafetarías, comedores, reprografía etc, asinados pola universidade con entidades privadas contarán cunha cláusula onde se comprometan a respectar as normas que en materia de uso lingüístico aparecen nesta lei. Para isto poderán contar coa colaboración do Servizo de Normalización Lingüística. Alén disto, os convenios asinados con outras entidades públicas ou privadas deben ser redactados en galego e, se for o caso, na lingua da outra entidade.

Canto ao Servizo de Normalización Lingüística este canalizará o cumprimento do disposto no artigo 5 dos Estatutos da UDC. Así, velará pola progresiva capacitación dos membros da comunidade universitaria no uso do galego e arbitrará as medidas necesarias para facer normal a utilización do galego en todos os aspectos da vida universitaria. Ademais, a Universidade da Coruña comprométese a poñer medios de formación e de asesoramento en lingua galega, especialmente a persoas procedentes de fóra do dominio lingüístico galego.

Así, este regulamento de usos da UDC, para alén de establecer cales deber ser os usos lingüísticos internos e externos da institución, indica que a Universidade asume a responsabilidade de contribuír para a normalización da nosa lingua. Ao mesmo tempo, nel destácase a necesidade de dotar a UDC dun marco de referencia que indique un modelo que tenda cara a un uso cada vez maior da lingua propia de Galiza, contribuíndo así co proceso de normalización do galego.

2.5.2. Plano de Normalización Lingüística

Dentro da propia institución tamén se elaborou e aprobou o Plano de Normalización Lingüística no ano 2006. Foi o máis tardío das tres universidades galegas, pois por exemplo o da USC viu a luz no 2002 despois de que xa no 1997 o galego fora declarado lingua oficial desta institución.

Este Plano da UDC foi un dos obxectivos prioritarios do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña dende o momento en que a profesora Goretti Sanmartín Rei se fixera cargo da súa dirección no ano 2003. Tres anos despois produciuse un cambio de dirección no SNL mais isto non supuxo ningún atranco e o Consello de Goberno aprobou este texto sen ningún voto en contra. Este fora previamente elaborado por unha comisión representativa dos diferentes sectores e estamentos da comunidade universitaria.

Foi creado para satisfacer unha necesidade no ámbito da promoción do idioma propio da institución e, ao mesmo tempo, responde a unha demanda desta comunidade, que debe estar comprometida coa promoción do uso da lingua galega.

Como xa dixemos, este texto viu a luz no 2006, mais un ano antes, o 29 de abril de 2005, o Consello de Goberno aprobou a creación da Comisión para Elaboración do Plano de Normalización Lingüística. Nela integráronse membros do profesorado, do estudantado e do PAS xunto con Goretti Sanmartín Rei (Directora do Servizo de Normalización Lingüística) e con Luís Caparrós Esperante (Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación).

O Plano de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña recolle unha serie de obxectivos xerais, entre os que destacan os seguintes:

1. Aumentar a sensibilidade da comunidade universitaria sobre o uso do galego.
2. Velar polo cumprimento das leis e das normativas no referente á normalización lingüística.
3. Garantir a posibilidade de se expresaren en galego, tanto oralmente como por escrito.

4. Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión e de traballo.
5. Consegurir par o galego máis espazos de uso e fomentar a súa presenza en certos sectores estratéxicos.
6. Promover unha visión de utilidade e de modernidade da lingua propia.
7. Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.
8. Impulsar o plurilingüismo.
9. Difundir a realidade lingüística fóra de Galiza.

Alén destes obxectivos xerais, tamén aparecen no Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña unha serie de obxectivos específicos e de medidas (PNL 44-49). Estas últimas están destinadas á comunidade universitaria nas páxinas 44-45 (compromiso público efectivos dos cargos institucionais de faceren uso do galego no desempeño da súa función representativa; demanda da utilización da lingua propia en todos os organismos en que a UDC participa...), ao persoal docente e investigador na páx. 46 (valoración do dominio oral e escrito do galego en calquera tipo de concurso a prazas de profesorado; establecemento dun mínimo de créditos troncais e obrigatorios, cando menos un terzo, para seren impartidos en galego...), ao estudantado (fomento entre o alumnado do valor da diversidade lingüística, do multilingüismo e do aprecio pola lingua galega; organización de cursos específicos de lingua galega que respondan ás necesidades lingüísticas do estudantado...), ao Persoal de Administración e Servizos que se atopan na páxina 48 (divulgar axeitadamente a normativa relacionada couso do galego e recomendar periodicamente o su cumprimento; garantir que o plano de formación permanente do PAS se desenvolva en galego...) e ao ámbito das relacións da UDC coa sociedade (potenciar a investigación sobre a situación sociolingüística; potenciar o papel da UDC como axente dinamizador do uso do galego na sociedade).

Por último, neste texto ponse en relevo a importancia de ir actualizando a información co fin de avaliar periodicamente os resultados derivados da súa aplicación, para o que se creou unha comisión estable de seguimento. Alén disto, a UDC comprometeuse a dotar este Plano de recursos materiais e humanos que fosen necesarios para a súa aplicación e a crear unha Comisión de Seguimento do PNL.

O SNL é o encargado de coordinar as actividades da Comisión de Seguimento do PNL e en xeral de facilitar os instrumentos necesarios para avanzar no proceso de normalización lingüística na UDC¹.

2.5.3. Outras disposicións

Alén dos textos e normativas xa citadas foron aprobadas unha serie de disposicións. Moitas destas foron aprobadas pola Comisión de Seguimento na reunión do día 15/10/2007 (<http://www.udc.es/snl/documentospdf/medidas.pdf>) e entre elas destacan as seguintes:

- Redución de horas de docencia para quen se incorporan ao uso do galego nas aulas. Esta medida foi feita pola Comisión de Seguimento do PNL á Vicerreitoría de profesorado para o curso 2007-08. Os resultados no ano académico 2013-14 foi de 25 profesores.
- Edición en lingua galega dun mínimo do 15% de volumes publicados durante o curso 2007-08 polo Servizo de Publicacións da UDC
- Incorporación do coñecemento e uso do galego como mérito de capacitación para a cobertura de prazas de profesorado.
- Oferta dun curso de formación *on line* de lingua galega para todo o persoal da UDC.
- Reunión da CS coas comisións de normalización dos centros e con representantes daqueles centros onde estas non existiren para coordinar actuacións, impulsar planos

¹Neste sentido, o SNL leva publicado varios traballos de utilidade para a comunidade universitaria, entre os que podemos destacar Sanmartín Rei (2012a) e Sanmartín Rei (2012b); unha proba da utilidade destes dous manuais é que xa foron editados por terceira vez.

de normalización en cada un deles e propor ás direccións dos centros a inclusión de contidos de/en galego.

Alén disto, existe tamén unha normativa do POD onde o máis destacábel é a lei pola que “o profesorado da UDC que imparta por primeira vez a docencia en galego, sempre que así apareza na correspondente Guía Docente, poderá reducir a súa carga lectiva en 25h durante dous cursos académicos. As 25h enténdese por materia completa e como máximo total por este concepto” (http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/profesorado/elaboracion_POD_2013.14.pdf).

Para rematar esta epígrafe convén facer referencia ao Estatuto do Estudantado da UDC onde no seu artigo 23 se recolle que “Os estudantes teñen dereito a utilizar o galego en todos os niveis e en todas as relacións coa Universidade, sexa para a tramitación de peticións, reclamacións e queixas, sexa na realización de exames, traballos e prácticas” así como “terán dereito a que a Universidade se dirixa, en todos os niveis e relacións, en galego, así como á recepción da actividade docente, sen prexuízos de dereitos e terceiros” (http://www.udc.es/normativa/estudiantes/estatuto_estudiantado.html).

Como vimos a normativa referente ao uso do galego na comunidade universitaria é numerosa e na última década e, inclusive nos últimos anos se crearon textos favorables ao galego e que tiñan como finalidade potenciar o seu uso nesta institución. Porén, son suficientes estas normativas par garantir un uso normal e equiparable ao do castelán dentro da UDC?

3. Análise da presenza do galego na docencia universitaria

Neste terceiro punto analizaremos a presenza do galego na docencia universitaria na Universidade da Coruña. Para chegar a unhas conclusións finais que nos permitan ver en que

situación se encontra a nosa lingua neste ámbito.

3.1. Elaboración e realización dos inquéritos

Para chegarmos a uns resultados e a unhas conclusións levamos a cabo unha serie de inquéritos en tres facultades de tres ámbitos científicos: sanitario (Facultade de Fisioterapia), tecnolóxico (Facultade de Camiños) e social e xurídico (Facultade de Dereito). Foron escollidas ditas facultades para ter unha mostra de cada un dos distintos ámbitos e así poder facer unha análise xeral.

As enquisas foron realizadas a un total de 108 alumnos/as, 36 de cada escola entre a última quincena do mes de marzo e a primeira do mes de abril comezando pola Facultade de Camiños, seguindo pola de Fisioterapia e, en último lugar, a de Dereito. Estas foron entregadas a alumnos/as de segundo e terceiro curso coa colaboración dun docente que permitiu que fosen entregadas nunha das súas aulas.

As preguntas realizadas tiñan como obxectivo coñecer a lingua habitual do alumnado e a lingua en que era impartida a docencia. Tamén se pretendía coñecer certas actitudes lingüísticas do profesorado, á hora de responder en galego, e do alumnado á hora de preferir ou non máis docencia na lingua propia da institución.

3.2. Análise dos resultados


3.2.1. Lingua habitual do alumnado

A primeira pregunta do inquérito, de carácter máis xeral, refírese á lingua que utiliza o/a alumno/ habitualmente na súa vida diaria, entendendo como lingua habitual a que utilizan sempre ou maioritariamente. Na facultade do ámbito sanitario, Fisioterapia, 19% marcou a opción “Sempre en galego”; 8% “Maioritariamente en galego”; 28% “Ás veces en galego”; 31% “Case nunca en galego” e 14% “Nunca en galego”. Así vemos como só 27% ten como lingua predominante ou única o galego (anexos gráfica 1).

Na Escola de Camiños os datos varían un pouco e a nosa lingua parece atoparse nunha peor situación. Só 11% di falar “Sempre en galego”. A opción “Maioritariamente en galego” non é marcada por ningún dos/as alumnos/as. A resposta “Ás veces en galego” foi escollida por un 28%; 39% optou por “Case nunca en galego”. E, por último, 22% escolleu “Nunca en galego”. Como xa adiantamos, nesta escola hai un claro predominio do castelán na lingua habitual do alumnado (anexos gráfica 2).

Canto á Facultade de Dereito, 9% marcou a opción “Sempre en galego”; 8% “Maioritariamente en galego”; 22% “Ás veces en galego”; 36% “Case nunca en galego” e 25% “Nunca en galego”. Esta situación é parecida a que observamos en Camiños, onde o galego non chega ao 20% como lingua habitual do alumnado (anexos gráfica 3).

Unha vez vistos estes resultados, a nivel xeral da UDC observamos o seguinte:



Como vemos, o galego é a lingua habitual dunha porcentaxe pequena do alumnado da UDC. Tan só 18% indica que esta lingua é a predominante ou única na súa vida diaria. Como xa observamos, a rama máis galeguizada é a sanitaria, mentres que no lado contrario se atopa a tecnolóxica. É importante destacar tamén que máis do 50% do alumnado indica que nunca

ou case nunca utiliza o galego.


3.2.2. Lingua da docencia

A segunda pregunta refírese a lingua en que se imparte a maior parte da docencia na Universidade da Coruña. En Fisioterapia, ningún alumno/a marcou unha opción que superase o 50% en galego. Así, as porcentaxes que se acadaron nesta facultade foron as seguintes: 3% escolleu “Menos do 50% en galego”; 41% optou por “Menos do 25% en galego”; 53% “Case ningunha en galego” e 3% “Ningunha en galego” (anexos gráfica 4).

Na Escola de Camiños a situación é moi similar posto que tampouco ninguén sinalou unha opción que superase o 50% en galego. 6% escolleu “Menos do 50% en galego”; 14% “Menos do 25% en galego”; 69% “Case ningunha en galego” e, por último, 11% optou por “Ningunha en galego” (anexos gráfica 5).

En Dereito a situación varía un pouco, aínda que continúa a ser bastante mala para o galego. Un 3% do alumnado escolle a opción “Máis do 75% en galego” e outro 3% “A metade en galego”. As porcentaxes maiores, como ocorría nas outras dúas facultades, son as que indican pouca presenza do galego. Deste xeito, 8% opta por “Menos do 50% en galego”; 36% escolleu “Menos do 25% en galego”; a porcentaxe maior co 47% é para a opción “Case ningunha en galego” e só 3% indica que ningunha materia é impartida nesta lingua (anexos gráfica 6).

Na seguinte gráfica vemos o resultado total da docencia que se imparte en lingua galega na UDC.



O que indica esta gráfica é unha porcentaxe practicamente nula do uso do galego na docencia universitaria. Só un 2% do alumnado indica que máis da metade das materias son impartidas na lingua propia da institución, en canto máis do 60% observa a ínfima ou nula presenza do galego á hora de impartir aulas. Hai que destacar que a maior porcentaxe de uso da nosa lingua ocorre na facultade do ámbito social e xurídico.

3.2.3. Lingua empregada polo alumnado para se dirixir ao profesor/a


A terceira cuestión da enquisa trata sobre a lingua empregada polo alumnado para se dirixir ao profesor/a. Na facultade da rama sanitaria, a resposta “ Sempre en galego” foi escollida polo 14% e “Maioritariamente en galego” polo 5%. 8% optou por “Ás veces en galego”; 42% decantouse pola opción “Case nunca en galego” e 31% por “Nunca en galego”. Vemos como nesta escola máis do 70% non utiliza practicamente ou nunca o galego para se dirixir ao/á docente (anexos gráfica 7).

En Camiños os datos son un pouco máis negativos para a lingua galego posto que ninguén utiliza sempre o galego para esta cuestión. Só 8% optou por “Maioritariamente en galego” e 3% por “Ás veces en galego”. Porén, as porcentaxes maiores foron acadadas polas

opcións “Case nunca en galego” cun 33% e por “Nunca en galego” cun 56% (anexos gráfica 8).

Na Facultade de Dereito as porcentaxes son similares aínda que algo máis favorables. 6% escolleu a opción “Sempre en galego”; 3% “Maioritariamente en galego” e 19% “Ás veces en galego”. 30% do alumnado optou por “Case nunca en galego” e 42% por “Nunca en galego” (anexos gráfica 9).

A nivel total os resultados aparecen na seguinte gráfica:



Só 12% dos/as alumnos/as da UDC utilizan o galego sempre ou de xeito maioritario para se dirixiren ao profesorado. Porén, case 80% non utiliza nunca ou case nunca a lingua propia da comunidade galega. Os datos máis positivos para o galego aparecen de novo na facultade da rama sanitaria, Fisioterapia, onde case 20% o usa sempre ou maioritariamente.

3.2.4. Lingua do profesorado cando se lle pregunta en galego


Como xa vimos o profesorado da UDC utiliza dun xeito moi minoritario o galego á hora de impartir aulas. Por iso a seguinte cuestión trata sobre a lingua en que responde o/a profesor/a cando se lle pregunta en galego. Na facultade de Fisioterapia 6% do alumnado

sinalou que o/a profesor/a responde “Sempre en galego”; 19% optou pola resposta “Maioritariamente en galego”. A opción máis sinalada foi “Ás veces en galego” cun 45%, mentres que 22% se decantou por “Case nunca en galego” e 8% por “Nunca en galego” (anexos gráfica 10).

Na Escola de Camiños un 3% optou por “Sempre en galego”; un 28% por “Maioritariamente en galego” e un 28% decantouse por “Ás veces en galego”. As opcións “Case nunca en galego” e “Nunca en galego” foron marcadas por un 22% e un 19% respectivamente (anexos gráfica 11).

Por último, na Facultade de Dereito os resultados son semellantes ás dúas anteriores. Así, un 11% optou pola resposta “Sempre en galego”; un 14% por “Maioritariamente en galego”; a porcentaxe máis elevada, un 39% foi a resposta “Ás veces en galego; “Case nunca en galego” foi marcada por 25% dos/as alumnos/as e 11% decantouse pola opción “Nunca en galego” (anexos gráfica 12).

Canto á gráfica total os resultados son os seguintes:



Como vemos, a opción menos sinalada é a máis favorable para o galego xa que só 6% do profesorado responde sempre en lingua galega cando se lle é preguntado neste código.

Mais é certo que a opción “Maioritariamente en galego” conta cunha porcentaxe máis elevada. O significativo é que 13% dos/as profesores/as nunca utilicen o galego, aínda que esta sexa a lingua empregada polo alumnado.

3.2.5. Lingua do alumnado para falar cos/as compañeiros/as


A penúltima pregunta do cuestionario aborda a cuestión da lingua que utilizan o/a alumno/a para falar cos seus compañeiros/as. Na rama sanitaria, en concreto na Facultade de Fisioterapia, 17% do alumnado di falar “Sempre en galego”; 6% optou pola resposta “Maioritariamente en galego” e 30% por “Ás veces en galego”. As opcións menos favorables ao galego, “Case nunca en galego” e “Nunca en galego” foron sinaladas por 25% e 22%, respectivamente. Así vemos como case 50% do alumnado desta facultade non utiliza nunca ou case nunca o galego á hora de se dirixir aos seus compañeiros/as (anexos gráfica 13).

Canto á Facultade de Camiños, o panorama aínda é máis negativo para a lingua propia posto que só 11% di utilizar “Sempre o galego”. Tamén 11% se decanta pola resposta “Ás veces en galego”, en canto 45% sinalou a opción “Case nunca en galego” e 33% marcou a resposta “Nunca en galego”. Deste xeito practicamente 80% do alumnado non utiliza nada ou practicamente nada o galego para este fin (anexos gráfica 14).

En Dereito a situación é semellante ou inclusive peor posto que só 8% e 6% optaron polas respostas “Sempre en galego” e “Maioritariamente en galego”, respectivamente. Un 3% dos alumnos/as decantáronse por “Ás veces en galego”. A opción “Case nunca en galego” foi marcada por 30% e “Nunca en galego” por 53%. Así vemos como o galego é moi pouco usado para falar entre o alumnado (anexos gráfica 15).

En total os datos son os seguintes:

Lingua utilizada para falar cos/as compañeiros/as




Esta gráfica, como a primeira, permítenos ver o pouco uso que fai o alumnado da UDC do galego na súa vida diaria e coas persoas próximas. Exemplo disto é que practicamente un 70% dos/as alumnos/as non o utilizan nunca ou case nunca, mentres que só un 16% o fai sempre ou de xeito maioritario.

3.2.6. Preferencia do alumnado pola docencia en galego

A última pregunta da enquisa é a máis persoal e aborda a cuestión da preferencia á hora de recibir máis aulas en galego. A esta pregunta a maior porcentaxe de “si” acadouse na Facultade de Fisioterapia cun 39%, onde, a pesar disto, a resposta maioritaria foi “indiferente” cunha porcentaxe de 53%. Mais o dato positivo é que só 8% marcou a opción do “non” (anexos gráfica 16).

Na Escola de Camiños os datos son moi semellantes. Así, o “si” acadou 36%, a opción “non” foi elixida só por 8% e a resposta máis sinalada foi “indiferente” cun 56% (anexos gráfica 17). Os datos máis negativos para o galego son os de Dereito, onde a resposta máis frecuente foi o “non” cunha porcentaxe de 44%, seguida do “indiferente” cun 31%. O “si” foi sinalado polo 25% do alumnado (anexos gráfica 18).

Canto aos datos totais, son os seguintes:



Esta gráfica móstranos datos bastantes significativos para o galego posto que case 50% do alumnado di serlle indiferente que haxa máis materias impartidas na lingua propia da institución e, inclusive, unha porcentaxe a ter en conta decántase pola opción do "non".

Unha vez analizados os datos das enquisas realizadas, observamos un panorama nada favorecedor para o galego posto que podemos dicir que está moi secundarizado na docencia na Universidade da Coruña. Alén disto, tampouco os/as alumnos/as o utilizan na súa vida diaria nin cos compañeiros e parece resultarlles indiferente que o galego teña ou non unha maior presenza no ámbito da universidade e en concreto da docencia.

4. Comparativa con outros estudos realizados sobre a presenza do galego na UDC

Unha vez vista a normativa que está en vigor referente ao uso do galego na Universidade da Coruña e despois de analizarmos os datos das enquisas realizadas ao alumnado desta mesma institución, nesta epígrafe o obxectivo é ver algúns dos estudos ou artigos que tratan a cuestión lingüística na UDC e poñelos en relación cos resultados acadados no punto inmediatamente anterior.

O estudo máis relevante e denso é o coordinado por Antón Álvarez Sousa, *Análise Sociolingüística da Universidade da Coruña* que viu a luz no ano 2005. Este trata sobre a situación sociolingüística da Universidade da Coruña, analizando os resultados dunha enquisa sobre o coñecemento, o uso e as actitudes cara á lingua nesta comunidade universitaria. Segundo o por aquel entón reitor, Xosé M^a Barja Pérez, é “un primeiro diagnóstico da realidade lingüística da UDC que xulgamos pode ser de grande utilidade para a elaboración do Plano de Normalización Lingüística da nosa institución” (páx. 9). Tamén aquí é expresado o desexo de mudar a situación e construír un referente para o contorno en que se desenvolve a actividade docente e investigadora.

Neste mesmo estudo, concretamente no limiar escrito pola profesora Goretti Sanmartín Rei, tamén se destacan datos positivos, como que “máis do 75% do alumnado e do persoal de administración e servizos e do 60% do PDI xulgan que se debería fomentar máis o uso do galego nas facultades” (páx. 11). Tamén a por aquelas datas directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña destaca que este estudo serve para detectar carencias fundamentais para o desenvolvemento das tarefas laborais no idioma propia da UDC: inexistencia de materias suficientes para levar a cabo certos traballos en galego ou pouca utilización do SNL.

Para chegar a unhas conclusións finais Álvarez Sousa levou a cabo un estudo que consistiu en realizar unha enquisa entre os distintos colectivos desta institución: o persoal docente e investigador, o alumnado e o persoal de administración e servizos. Así, nesta obra recóllese a análise de dito inquérito, realizado entre os meses de novembro e decembro de 2003 coa axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística dentro do convenio que a Consellaría de Educación mantén coa UDC. Nesta investigación establecéronse diferentes tipos de comparacións: entre o galego na UDC e o galego no seu contexto próximo; análise da evolución desta lingua na última década para plasmar a súa tendencia no coñecemento, na

fala, na lectura e na escritura; comparación entre os datos da UDC en 2003 e outro estudo que se fixo en 1994 (soamente referido ao alumnado e que nunca se chegou a publicar); comparacións coas outras universidades galegas e comparación entre os diferentes colectivos da UDC: PDI, alumnado e PAS.

Para analizar o coñecemento do galego neste estudo centráronse en catro parámetros básicos: enténdelo, sabelo falar, sabelo ler e sabelo escribir; e de cada un deles analizouse en que medida se coñece moi ben, ben, regular ou mal. A conclusión a que se chegou foi que a porcentaxe dos distintos colectivos que o saben falar é inferior xa á dos que o saben ler, no caso do alumnado e no caso do PAS é mesmo inferior á das persoas que o saben escribir. Se comparamos isto cos datos do censo de 2001 vemos que en Galiza aínda temos unha estrutura da lingua viva pois sábese falar máis do que ler e escribir, ao contrario do que ocorre nos distintos colectivos da UDC. Cómpre sinalar, porén, que existen diferenzas nestes colectivos: “o alumnado saber escribir en maior medida que falar ,o PDI sabe falar en maior medida que escribir” (Álvarez Sousa 2005: 279).

Alén disto, vemos como tamén hai unha grande diferenza entre o galego que se coñece en xeral en Galiza e o galego dos/as universitarios/as posto que na poboación en xeral o galego é froito dunha aprendizaxe como lingua materna; en canto o galego que se coñece na universidade consiste nunha lingua aprendida despois dun proceso de socialización. De aí os resultados de saber falar, ler e escribir (páx. 278)

O uso do galego a respecto das diferentes funcións da lingua (de identidade, familiar, local, laboral, institucional e científico-cultural) tamén foi analizado neste estudo. Isto débese a que é distinta a lingua que falamos segundo as persoas con que nos comunicamos e, por tanto, resulta distinta a función da lingua. O alumnado co sector que menos fala galego é co profesorado, mais tamén este co alumnado e entre si fala galego en menor medida que coas outras persoas. Canto ao PAS, con quen menos galego fala é tamén co profesorado e co

alumnado. Con isto podemos concluír que con aquel colectivo que ten máis poder é co que menos se fala na lingua propia da institución, e así é o castelán a lingua empregada nas relacións de poder (páx. 280).

No lado contrario atópase a familia, posto que é no contexto onde máis falan galego os distintos colectivos. Así vemos como “o emprego do galego se vai reducindo a medida que pasamos dos ambientes familiares aos do poder institucional” (páx. 280). Esta redución débese a que a predisposición a contestar en galego por parte do profesorado aínda que o/a alumno/a pregunte en castelán é moi baixa (5,1%). No caso do alumnado que pregunta en galego, só lle contesta na mesma lingua o 39,6%, situación que non mudou como vimos na epígrafe anterior, onde case o 40% do profesorado non respondía nunca ou case nunca nesta lingua.

Canto ao idioma falado ou escrito maioritariamente, Álvarez Sousa (2005: 282) concluíu que o alumnado é o colectivo que máis fala o galego maioritariamente, seguido polos membros do PAS, a moita distancia, e do PDI. No que respecta á escrita, é moito máis elevada a porcentaxe das persoas que o fan en castelán por costume ou por comodidade que a porcentaxe das que o fan en galego. Mais existe moita xente que emprega o galego escrito, aínda que se sente incómoda, porque considera que é o seu deber; e tamén existe outro grupo importante que non o fai (aínda que sente que é a súa lingua) porque non sabe facelo. Por último, se relacionamos fala e escrita, nos tres colectivos soamente unha porcentaxe inferior a 50% das persoas que empregan o galego na fala o mantén na escrita.

Tamén neste estudo publicado polo Servizo de Normalización Lingüística se tivo en conta o sexo, o lugar de nacemento, os estudos do pai, o sector de actividade do pai e a consideración persoal. Así chegaron ás seguintes conclusións (Álvarez Sousa 2005: 289): Canto ao sexo é máis probable que falen galego os homes que as mulleres (1,5 veces máis). No referente ao lugar de nacemento é máis probable que o fale quen naceu nunha aldea de

Galiza que as persoas que naceron noutros lugares (6 veces máis). A medida que se incrementan os estudos do pai é menos probable que fale en galego o fillo ou a filla e é máis probable que o falen os/as fillos/as de persoas que se traballan no sector primario. Xa por último, canto á consideración persoal, é máis probable que falen a nosa lingua as persoas que se consideran galegos/as e vai deixando de falarse segundo se consideran españolas nunha importante proporción.

Canto á escrita, é máis probable que escriban en galego os homes e a medida que se incrementa a idade redúcese a probabilidade de escribir nesta lingua. Igual que ocorría na fala, as persoas que naceron en aldeas escriben en galego en maior medida e as que consideran que Galiza é un Estado ou unha nación, ao igual que as persoas que se consideran só españolas. Deste xeito vimos como o sexo é un factor moi importante á hora da escolla da lingua, destacando positivamente o sexo masculino. Tamén ten relevancia o lugar de nacemento posto que ademais do coñecemento do galego, “o feito de naceren no medio rural tamén constitúe unha variable fundamental para estruturar a mente das persoas, para a función de identidade” (páx. 299).

Así, no relativo ás actitudes, a conclusión xeral a que chega este estudo, unha vez analizados os datos das enquisas aos distintos colectivos da Universidade da Coruña, é que nesta institución se está a dar unha situación desfavorábel ao galego, conclusión a que chegamos tamén na epígrafe anterior.

Neste estudo Álvarez Sousa chega a unhas conclusións moi semellantes as que chegamos nós no capítulo anterior. Nel constata que só un 9% do profesorado declara impartir as súas aulas normalmente en lingua galega (só en galego 6,6% ou maioritariamente nesta lingua 2,4%), fronte ao 87,4% que declara utilizar habitualmente o castelán (67,4% só castelán e 20% maioritariamente castelán). Na epígrafe anterior vimos como 57% dos/as alumnos/as indicaban que case ningunha materia era impartida na lingua propia. Ademais

aproximadamente un 10% do profesorado non utiliza o galego na docencia e, inclusive un 5% do alumnado indicou non ter ningunha disciplina impartida na lingua da institución. Alén disto, declárase que cando un/unha alumno/a pregunta en galego na aula contesta só en castelán 25,4% e maioritariamente nesta lingua 9,6%. Os datos da epígrafe anterior mostran unha situación semellante na actualidade posto que 13% non responde nunca en galego e 23% case nunca en galego, polo que a situación inclusive é un pouco peor.

Alén disto, o estudo do 2005, canto á investigación, concluíu que só un 2,3% do profesorado declara empregar o galego nos seus traballos científicos e un 9,9% utiliza ambas (galego e castelán). Todos estes datos reflicten unha baixa presenza do galego tanto na docencia como na investigación.

Podemos comparar tamén estas conclusións con outra institución do sistema universitario galego, a Universidade de Santiago de Compostela. Nesta declárase impartir en galego un 23% das horas de docencia, fronte a un 74% en español, segundo datos do SNL desta institución correspondentes ao curso 2013-14.

A seguir centrarémonos de xeito moi breve no estudo *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica* da profesora Alba Nogueira López. Este foi publicado recentemente pola Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. A súa finalidade é avaliar a presenza do galego na actividade investigadora e propoñer medidas de mellora. Para tal fin combinouse a análise da bibliografía cos datos existentes da enquisa realizada entre o profesorado que usa habitualmente o galego na actividade docente, pois era imposible realizarlle unha enquisa a todos os docentes. Alén disto, tendo en conta que “o uso do galego na investigación é menor que na docencia, consideramos que un cuestionario dirixido ao profesorado que consta nas universidades como que imparte a docencia en galego cubriría en boa medida a totalidade de docentes que habitual ou ocasionalmente usan o galego na difusión da investigación” (páx. 25).

Nogueira López chegou á conclusión de que existe unha grande diverxencia entre o profesorado que realizou a enquisa posto que estes/as profesores/as que toman a decisión de impartir as aulas en galego non atopan practicamente incentivos á hora de escoller esta lingua no ámbito da investigación.

Xa por áreas, a profesora conclúe que na de Ciencias Sociais a porcentaxe máis elevada, 56%, é para a publicación en ambas as linguas, mais o galego ten unha maior presenza que o castelán, 9% fronte a 6%. Na área de Ciencias Experimentais o inglés ocupa un lugar privilexiado con 70% e de novo o galego volta a ter máis presenza que o castelán, 13% e 4% respectivamente. No caso das Humanidades o 41% opta por publicar nos dous idiomas. Nas áreas de Ciencias da Saúde e das Ensinanzas Técnicas o inglés é o que acada unha maior porcentaxe, 43% e 67% respectivamente. Mais é de salientar que nas últimas non se publica nada en castelán.

Tamén hai que salientar que “practicamente a metade das publicacións en galego son clasificadas polo profesorado como publicacións de divulgación xeral e non como publicacións científicas” (páx. 27). Ademais, maioritariamente o profesorado considera que o uso do galego na actividade investigadora ten un impacto negativo na súa promoción académica, no seu salario e no alcance da difusión da súa obra científica.

Xa por último, como dato aproximativo da investigación en lingua galega na UDC, relativo ás teses de doutoramento, pódese dicir que nunha relación de 209 lidas nos últimos anos, só 8 están en galego, o que supón menos dun 4%. Canto á USC, as teses lidas en galego no ano 2012 foron algo máis do 9%, segundo datos facilitados pola revista electrónica *Cartafol*, do SNL da USC².

Vemos con este estudo como unha vez máis o galego volta a estar secundarizado, desta vez na actividade investigadora e isto tendo en conta só o profesorado que utiliza o galego de

²Véxase “A necesidade de mellorarmos a presenza do galego na docencia e na investigación da UDC”, artigo do SNL da UDC publicado na revista *FEE* da Facultade de Economía e Empresa, nº5 páx.3.

xeito maioritario na docencia. Se tivésemos en conta todos os docentes a posición sería, case con absoluta certeza, moito peor.

Merece tamén mención o documento interno do SNL *Informe sobre a lingua de redacción das guías docentes e a lingua de impartición das aulas na Universidade da Coruña. Curso académico 2013-2014*. Como acabamos de dicir este documento foi feito polo SNL da UDC. Este, baixo a dirección do profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato, ten encomendadas as seguintes funcións: a dinamización lingüística; a corrección de textos en lingua galega; o asesoramento lingüístico do material das distintas unidades administrativas; a resolución de dúbidas e orientación sobre terminoloxía; a corrección de material docente, apuntamentos, artigos...; a formación en lingua galega para a comunidade universitaria e a realización de simposios, congresos, cursos, etc³.

Canto ao documento, nel destácase que de 38 graos impartidos na UDC (son 41 mais excluíronse os 3 de contigo lingüístico-literario para as porcentaxes) 63,7% de materias teñen a guía docente redactada en lingua castelá, 25,8% en lingua galega, 6,5% é bilingüe castelán-galego e 4% están escritas noutras combinacións (castelán-galego-inglés, castelán-inglés, galego-inglés, inglés) ou sen datos.

No referente á lingua de impartición da docencia, dos 38 graos, as porcentaxes máis destacadas son: 40,8% de materias decláranse impartir en castelán, 8% en lingua galega e 24,2% bilingüe castelán-galego. O resto de porcentaxes pertencen a outras combinacións que acostuman ser co inglés. Sos graos de Ciencias da Actividade Física e o Deporte e Turismo os que presentan as porcentaxes máis elevadas canto á combinación do galego co inglés.

Hai que destacar tamén que o feito da sección “Competencias da titulación” e, en menor medida, a epígrafe “Resultados da aprendizaxe” apareceren de forma maioritaria en

³Sobre temas relacionados co proceso de normalización da lingua galega véxase:

http://www.udc.es/centros_departamentos_servizos_xerais/servizo_normalizacion_linguistica.html

lingua galega (independentemente da lingua en que estea redactada o resto da guía docente) só se explica polo feito de reproduciren items presentes en documentos oficiais descritivos dos graos e comúns a moitas titulacións e materias.

Máis unha vez, o galego atópase nunha posición moi secundaria a respecto do castelán posto que até as guías docentes, que son documentos oficiais, están redactadas na súa ampla maioría en castelán. Alén disto, a referencia que se fai a que só 8% do profesorado imparte as materias en lingua galega é un dato semellante ao que se recolle na terceira epígrafe deste traballo ou ao que aparece no estudo de Álvarez Sousa.

5. Algunhas reflexións sobre o galego na vida universitaria

Tamén merecen mención nesta epígrafe unha serie de artigos das *V Xornadas sobre lingua e Usos. Lingua e Docencia Universitaria*. O primeiro leva por título “A promoción institucional do galego na docencia e investigación universitaria” e o seu autor é Salustiano Mato de la Iglesia, daquela director xeral de I+D+i. Nestas cinco páxinas comeza facendo referencia a que a situación de “ignorancia e desprestixio larvado fan cada vez máis difícil a chegada ás aulas universitarias de alumnado que fale e se desenvolva dunha forma cómoda e natural en galego” (páx. 22). Así, el chega á conclusión de que non só hai que loitar pola oficialidade normativa, algo xa fundamental posto que o galego é o idioma de Galiza, senón que o máis importante é prestixiar o noso idioma e que este sirva para autoidentificarnos e autodefinirnos. Polo tanto en todas as políticas universitarias de promoción de usos do galego o prestixio ten que xogar un papel fundamental.

Por todo isto que acabamos de sinalar “o Goberno debe e tenta traballar en como ter en conta as políticas lingüísticas e o uso intensivo e extensivo do galego na docencia e na investigación universitarias desde o modelo de financiamento” (páx. 24). Tamén destaca a necesidade de marcarlles obxectivos ás universidades no referente ao avance e cumprimento

do seu PNL de tal maneira que en función dos resultados se reciba unha ou outra achega económica e de crear certificacións de calidade e acreditacións do uso do galego, algo que lle compete ao Goberno. Xa por último Mato de la Iglesia dá exemplos que mostran como desde o Plano INCITE se está a promover o uso do galego e menciona a necesidade de internacionalizar o galego por medio do ámbito lusófono.

O seguinte artigo, “O galego no ensino superior”, é da autoría do profesor da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela Antón Costa Rico. Estas páxinas comezan facendo referencia á como mudou a situación do galego no sistema educativo, singularmente nos centros de ensino superior, ao longo do tempo. Durante o franquismo permaneceu fóra e incorporouse á docencia universitaria a comezos dos anos 70 cando decidiron impartir unha parte ou a totalidade das aulas nesta lingua. Mais as normativas colocaron a lingua propia nunha situación secundaria a respecto do castelán, permanecendo así até a época actual como vimos no estudo de Álvarez Sousa ou neste mesmo traballo. Por este motivo “precísase un fortalecemento da vontade política e institucional favorable ao aumento e á consolidación do prestixio e dos usos da lingua na vida e na docencia universitarias” (páx. 50). Por este motivo el propón unha mellora dos instrumentos normativos, aumento de recursos técnicos e humanos e recoñecemento axeitado do esforzo do uso da lingua galega na carreira docente.

A continuación Costa Rico mostra unha serie de datos que xa vimos noutros estudos como que a lingua habitual da maior parte do profesorado é o castelán; que o uso do galego é máis frecuente entre os docentes masculinos procedentes de contextos rurais e vilegos, de conviccións políticas nacionalistas e que exercen no campo das humanidades ou das ciencias sociais. Alén disto, o uso do galego diminúe segundo aumenta o nivel de formalidade e o grao de intelectualidade dos interlocutores. Canto á investigación, chega ás mesmas conclusións que Nogueira López e observa que se realiza sobre todo en castelán e inglés.

Por todo isto, este profesor propón unha serie de obxectivos e iniciativas. Entre os primeiros destaca sensibilizar a comunidade universitaria a respecto da situación do galego, propiciar que esta sexa a lingua habitual neste ámbito etc. Canto ás iniciativas, destaca establecer porcentaxes mínimas de créditos troncais e obrigatorios cursados en galego ou conseguir que o uso da lingua galega sexa valorado na produción científica.

Por último, destaca o papel que seguen a desenvolver os prexuízos e actitudes, posto que unha parte das carencias canto á normalización se debe a este motivo. Ademais, destaca situacións e prácticas que dificultan o avance da normalización do galego: menor número de materiais didácticos en lingua galega ou unha maior febleza do mercado e dos instrumentos editoriais no caso do galego.

Como vemos, este artigo non proporciona información nova, senón que máis unha vez volve a destacar a situación de lingua secundaria que ten o galego na UDC tanto a nivel de docencia como de investigación. Tamén volve a destacar a importancia de abrirse cara á lusofonía como xa fixo Mato de la Iglesia.

O último artigo destacábel é “As linguas da docencia na Universidade da Coruña e o compromiso coa normalización do galego” do profesor e director do SNL da UDC, Xosé Ramón Freixeiro Mato. Comeza facendo referencia a que nos estatutos das tres universidades se declara que o galego é a lingua propia e que se comprometen a fomentar, promover ou normalizar o seu uso en todas as actividades que desenvolveren. Mais, a pesar disto, a docencia en galego non sobrepasa a barreira do 20% e a investigación ocupa porcentaxes inferiores. Todo o contrario ocorre no referente ao éuscaro, que superou o 50% no ano 2010, e en Cataluña, xa que na Universidade de Barcelona se imparte unha media do 66% da docencia universitaria en catalán.

Tamén aquí este profesor recolle datos xa mencionados, como por exemplo que 6,6% do profesorado emprega só o galego e 2,4% emprégao de forma maioritaria, polo que o uso da

lingua propia da institución é mínima. É importante dicir que “dentro do SUG a UDC ofrece peores datos que as outras dúas universidades neste ámbito da docencia, ao estar máis da metade porcentual por debaixo da USC” (páx. 79). Este abandono do galego que se reflicte na UDC débese a unha decisión condicionada e inducida polas circunstancias que historicamente envolveron o uso das linguas na docencia universitaria. Así, “se quixermos que a xente poida exercer libremente as súas opcións lingüísticas deberemos dotar ambos os idiomas dos mesmos ou parecidos instrumentos e oportunidades” (páx. 80).

A seguir, o profesor da UDC trata o tema do compromiso lingüístico desta institución mediante as súas normativas: “Regulamento de usos da lingua galega”, Estatuto do estudantado ou o PNL. Mais, como xa vimos, estas medidas parecen insuficientes se analizamos o uso que se fai do galego na dita institución. Alén disto, hai que destacar que entre o ensino universitario e o non universitario existen diferenzas na regulamentación do uso das linguas. Así para o primeiro destacan as seguintes medidas: creación dunha comisión estábel de coordinación entre a Xunta e as tres universidades, incremento da bibliografía en galego, publicación de vocabularios e dicionarios especializados, cursos de formación ou implantación de voluntariado lingüístico. Para o segundo as medidas son máis amplas e diversificadas e destaca o mínimo do 50% da docencia en galego. Deste modo, podemos concluír que no ensino universitario hai “unha evidente falta de regulamentación do uso das linguas na docencia que prexudica a lingua máis débil, o galego neste caso” (páx. 88).

Antes das conclusións finais, Freixeiro Mato di que son necesarias axudas e incentivos que faciliten o paso ao galego do profesorado; que o PNL debe ser levado a cabo con firmeza; unha política conxunta e coordinada de todo o SUG; mellora significativa do SNL ou a realización de actividades que contribúan a desfacer preconceptos aínda existentes.

As conclusións ás que chega este profesor poden servir para toda a epígrafe. Como vimos as dúas linguas da docencia na UDC son o galego e o castelán e entre ambas as dúas

existe un grande desequilibrio a favor da última. Isto, como observamos, ocorre tanto na docencia como na investigación e tamén foi a conclusión a que chegamos nas enquisas realizadas para o presente traballo. Polo tanto, hai que chegar a un reequilibrio entre galego e castelán para que as dúas linguas teñan as mesmas oportunidades e sexan tratadas por igual non existindo unha lingua principal e outra secundaria.

6. Conclusións

Hoxe por hoxe observamos un claro desequilibrio entre as dúas linguas oficiais da Universidade da Coruña no que ao seu uso se refire e obviamente dito desequilibrio é en favor do castelán.

A normativa vela polo uso do galego, mais esta parece ser insuficiente se analizamos os resultados e as conclusións a que chegamos neste traballo. Así, a pesar de que nos seus estatutos a UDC recolle o galego como a lingua oficial da institución e de crearse disposicións e normativas como o PLN ou o “Regulamento de usos da lingua galega”, esta lingua segue a ser moi pouco utilizada polo alumnado e sobre todo polos docentes desta universidade.

Así, vimos como máis de 50% do alumnado declara non falar nunca ou case nunca galego na súa vida diaria e máis do 70% non utiliza esta lingua para se dirixir ao profesorado. Algo semellante ocorre co código empregado para falar cos/as compañeiros/as, onde só o 16% utiliza a nosa lingua de forma maioritaria ou única. Polo tanto, vemos que a lingua do alumnado segue a ser de xeito maioritario o castelán.

Se temos en conta conclusións ás que chegou Álvarez Sousa, onde o galego era utilizado por menos do 10% do profesorado, podemos ver como este traballo chegou a uns datos moi próximos ao vermos que máis do 80% do alumnado indicou recibir menos do 25% ou case ningunha materia en lingua galega. Alén disto, máis do 30% dos/as docentes non responde en galego cando é preguntado/a nesta lingua. Mais tamén é importante destacar que

o alumnado segue a ser o sector que máis utiliza a lingua propia da institución como xa indicaba Álvarez Sousa no seu estudo.

Tamén é significativo o dato da preferencia de recibir máis docencia en lingua galega posto que a maior porcentaxe foi acadada pola resposta “indiferente”. Isto demostra pouca preocupación por parte do alumnado pola situación lingüística actual.

Esta secundarización do galego foi recollida polos estudos que analizamos no capítulo catro. Estes, como o presente traballo, mostran o pouco uso do galego tanto na docencia como na investigación e no capítulo cinco propóñense vías ou solucións para intentar remediar a situación actual. De compararmos a situación do galego con outras linguas como o éuscaro ou o catalán, vemos como estas teñen un camiño xa avanzado neste ámbito e se atopan nunha situación bastante diferente da nosa. Mais tamén é destacábel que a situación do galego na UDC é peor que na USC.

Por tanto, observamos un panorama pouco favorábel para o galego, onde predomina un claro desequilibrio lingüístico. Para evitar isto, como xa dicía o profesor Freixeiro Mato, é necesario un reequilibrio, mais para isto primeiro cómpre normalizar o uso do galego.

7. Bibliografía

Álvarez Sousa, Antón (coord.) (2005): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

O Cartafol, revista dixital USC: <http://ocartafol.usc.es/>

Costa Rico, Antón (2009): “O galego no ensino superior”. Mosquera Carregal, Xesús Manuel e Pino Ramos, Sara (eds.): *Lingua e Docencia Universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos*: 49-56 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

Espazo FEE, revista da Facultade de Economía e Empresa (UDC).

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): “As linguas da docencia na Universidade da Coruña e o compromiso coa normalización do galego”. Mosquera Carregal, Xesús Manuel e Pino Ramos, Sara (eds.): *Lingua e Docencia Universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos*: 77-93 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

Iglesias Álvarez, Ana (2002): *Falar galego: “No veo por qué”* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

Informe sobre a lingua de redacción das guías docentes e a lingua de impartición das aulas na Universidade da Coruña. Curso académico 2013-2014. Documento interno SNL (2013).

Mato de la Iglesia, Salustiano (2009): “A promoción institucional do galego na docencia e

investigación universitarias”. Mosquera Carregal, Xesús Manuel e Pino Ramos, Sara (eds.): *Lingua e Docencia Universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos: 21-26* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

Nogueira López, Alba (2013): *Investigación e lingua. propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica* (Universidade de Vigo: Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística).

PNL = *Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña, 2007* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).

Regulamento de usos da lingua galega:

http://www.udc.es/normativa/xeral/regulamento_usos_lingua_galega.html

Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012a): *Sobre a calidade da nosa lingua* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC)

Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012b): *Criterios para o uso da lingua* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC)

http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/profesorado/elaboracion_POD_2013.14.pdf

<http://www.udc.es/snl/documentospdf/medidas.pdf>

http://www.udc.es/centros_departamentos_servizos_xerais/servizo_normalizacion_linguistica.html

http://www.udc.es/normativa/estudiantes/estatuto_estudantado.html

8. Anexos

8.1. Enquisa sobre a presenza do galego na docencia universitaria dentro da UDC

Facultade:

Sexo:

Idade:

Lugar de nacemento:

Lugar de residencia durante o curso universitario:

Lugar de residencia habitual:

1- Que lingua falas habitualmente?

- Sempre en galego
- Maioritariamente en galego
- Ás veces en galego
- Case nunca en galego
- Nunca en galego

2- Nos teus estudos na Universidade da Coruña en que lingua recibiches e estás a recibir a docencia, aproximadamente?

- Todo en galego
- Máis do 75% en galego
- Máis do 50% en galego
- A metade en galego
- Menos do 50% en galego
- Menos do 25% en galego
- Case ningunha en galego
- Ningunha en galego

3- En que lingua te dirixes ao profesor/a na aula?

- Sempre en galego
- Maioritariamente en galego
- Ás veces en galego
- Case nunca en galego
- Nunca en galego

4- En que lingua responde o/a profesor/a cando se lle pregunta en galego?

- Sempre en galego
- Maioritariamente en galego
- Ás veces en galego
- Case nunca en galego
- Nunca en galego

5- Que lingua utilizas para falares cos teus compañeiros/as?


- Sempre en galego
- Maioritariamente en galego
- Ás veces en galego
- Case nunca en galego
- Nunca en galego

6- Preferirías recibir máis docencia en lingua galega?


- Si
- Non
- Indiferente

8.2. Gráficas


Gráfica 1: Facultade de Fisioterapia




Gráfica 2: Facultade de Camiños




Gráfica 3: Facultade de Dereito




Gráfica 4: Facultade de Fisioterapia




Gráfica 5: Facultade de Camiños




Gráfica 6: Facultade de Dereito




Gráfica 7: Facultade de Fisioterapia




Gráfica 8: Facultade de Camiños




Gráfica 9: Facultade de Dereito




Gráfica 10: Facultade de Fisioterapia




Gráfica 11: Facultade de Camiños




Gráfica 12: Facultade de Dereito




Gráfica 13: Facultade de Fisioterapia




Gráfica 14: Facultade de Camiños




Gráfica 15: Facultade de Dereito



Gráfica 16: Facultade de Fisioterapia



Gráfica 17: Facultade de Camiños



Gráfica 18: Facultade de Dereito

